



En el festival, que congregó a gran cantidad de público, participaron las cantareiras de la entidad

LUIS POLO

## La mejor tradición musical gallega brilló en la fiesta de Airiños de Fene

■ Airiños de Fene llevó ayer a su público incondicional una edición especial de su anual Xuntanza de Gaiteiros, en la que por primera vez la entidad decidió conmemorar sus veinte años de vida dedi-

cados al folclore gallego. La banda de gaitas, considerada como una de las mejores de Galicia, cerró un festival en el que participaron solistas y grupos vinculados a la colectividad organizadora. > 10

## FOLCLORE

# A banda Airiños de Fene celebrou cos amigos vinte anos de andadura

## Numeroso público acudiu á especial edición da Xuntanza de Gaiteiros

A banda de gaitas Airiños de Fene dedicouse, e con razón, a Xuntanza de Gaiteiros deste ano. A formación cumpre vinte anos nos que os seus compoñentes e a súa música foron madurando, como o bo viño, ata situarse entre o máis selecto do folclore galego. Os amigos que camiñaron con Airiños nestas dúas décadas non quixeron faltar.

REDACCIÓN > FERROL

■ A praza do Concello de Fene encheuse de xente onte a partir das sete da tarde nunha nova edición, a decimonovena, da Xuntanza de Gaiteiros. Desta volta tocou homenaxear ós anfitrións, que o teñen merecido, despois de vinte anos de traballar arreo para levar polo mundo adiante a mellor tradición do folclore galego. Alí estiveron Dani Bellón e Diego Maceiras, gaiteiro e acordeonista vencellados á banda que non quixeron perder a oportunidade de festexar con ela estes vinte anos antes de marchar a Suíza para dar un par de concertos; tamén acudiu Xavier Díaz, cantante de Nova Galega de Danza e protagonista



O público encheu a carpa instalada na praza do Concello de Fene

LUIS POLO

Bellón e Maceiras, Suso Vaamonde, Xosé Lois Romero, Xavier Díaz e o Grupo do Igaem participaron na cita

doutros moitos proxectos musicais que tampouco esquece as súas raíces fenesas; Xosé Lois Romero e Xesús Vaamonde, outros dous nomes de peso no eido do folclore galego, e o Grupo de Música Tradicional do Igaem, herdeiros do Rey de Viana. Todos eles subiron ó

escenario nesta festa da música galega xunto coas agrupacións de baile, cantareiros e cantadeiras de Airiños de Fene. A prestixiosa banda de gaitas que dirixe Miguel Doval pechou a festa e recibiu a máis apretada ovación do público.